

**ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE XUÑO DO 2020.****Sesión 05/2020-P**

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Rebeca Mouriño Neira D^a Ana Paola Mondaca González D. María Luisa Rúa Prieto D^a María Soraya Salorio Porral D^a María José García Freire D. José Luis Tellado Villares (auséntase ás 21:50 h) D. José Luis García Pazos D. Alberto Manuel García Coteló D^a María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D^a Isabel Reimúndez Suárez D^a Laura Rodríguez Pena D^a María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.00 horas do día xoves 25 de xuño do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen da fe do acto, reúnense por videoconferencia a través da aplicación Zoom os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión telemática ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
--	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno ordinario telemático do Concello de Sada, e cédelle a palabra á Secretaria, quen pregunta para os efectos do art. 46.3 da Lei 7/1985 se hai algún concelleiro que se atope fóra do territorio nacional sen que ninguén conteste en sentido afirmativo, polo que queda validamente constituído o Pleno.

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS.

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 03/2020, do 15 de maio.



Non habendo intervencións, queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- ACEPTACIÓN DA CESIÓN DA CASA DA XUVENTUDE, EFECTUADA POLA CONSELLERÍA DE FACENDA DA XUNTA DE GALICIA A TÍTULO GRATUÍTO.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 4/2020, do 18 de xuño, que recolle:

<<**Primeiro.-** Aceptar a cesión, a título gratuítto, feita pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia do inmovible seguinte:

- Edificio situado entre a Avenida da Mariña, núm. 47, e a Praza da Pescadería, no Concello de Sada (referencia catastral 0505801NJ6000N0002TE).

Segundo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e do correspondente expediente>>.

No debate, as sras. Pardo, do grupo municipal Socialista (PSOE), e Salorio, do grupo municipal do Partido Popular (PP), fan algunhas puntualizacións aínda que anuncian que han votar a favor da proposta; o Presidente efectúa aclaracións.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aceptar a cesión, a título gratuítto, feita pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia do inmovible seguinte:

- Edificio situado entre a Avenida da Mariña, núm. 47, e a Praza da Peixaría, no Concello de Sada (referencia catastral 0505801NJ6000N0002TE).

Segundo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

3º.- ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ, TITULAR E SUBSTITUTO.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 4/2020, do 18 de xuño, que recolle:

<<**Elixir a Dª Emilia Fandiño Sánchez para o cargo de Xuíz de Paz titular e a D. Emilio Feal Arrojo para o cargo de Xuíz de Paz substituto do municipio de Sada, propoñendo os correspondentes nomeamentos á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a través do Xuíz Decano de Primeira Instancia do Partido Xudicial de Betanzos**>>.

A sra. Reimúndez (BNG) intervén e anuncia que o seu grupo ha votar a favor da proposta; igualmente o sr. Fariña (SM). O Presidente tamén defende a proposta. A sra. Pardo (PSOE) e o sr. Tellado (PP) logo de explicar as súas posturas anuncian que os seus respectivos grupos hanse abster.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 7 (5 PP, 2 PSOE).



Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Elixir a D^a Emilia Fandiño Sánchez para o cargo de Xuíza de Paz titular e a D. Emilio Feal Arrojo para o cargo de Xuíz de Paz substituto do municipio de Sada, propoñendo os correspondentes nomeamentos á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a través do Xuíz/a Decano/a de Primeira Instancia do Partido Xudicial de Betanzos.

4º.- RESOLUCIÓN RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 06/20. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 03/20.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 4/2020, do 18 de xuño, que recolle:

<<**Primeiro.**- Inadmitir, con base nas motivacións contidas no informe da intervención municipal JPB105/2020, as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial da modificación de crédito 06/2020 acordada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o pasado 15 de maio de 2020:

- Grupo Municipal Partido Popular de Sada (registro de entrada 202099900000981 do 20.05.2020, corrixida 202099900001004 do 21.05.2020).
- Unión Sindical Obreira (registro de entrada 202099900001162 do 08.06.2020).

Segundo.-Aprobar definitivamente a modificación de crédito 06/2020 aprobada inicialmente en sesión celebrada polo Pleno da Corporación o pasado 15 de maio.

Terceiro.-Notificar o presente acordo aos interesados que presentaron reclamacións anexando o informe que motiva o mesmo.

Cuarto.-Publicar o contido da presente modificación, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello>>.

A sra. Pardo expresa a posición do seu grupo (PSOE) pero anuncia que han apoiar a proposta. A sra. García explica a do seu grupo (PP), anunciando que se han abster. A sra. Taibo, concelleira delegada de Facenda, Admón. Local, Admón. Electrónica, Contratación e Seguridade Cidadá, e o Presidente defenden a proposta.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 PP.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Inadmitir, con base nas motivacións contidas no informe da intervención municipal JPB105/2020, as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial da modificación de crédito 06/2020 acordada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o pasado 15 de maio de 2020:

- Grupo Municipal Partido Popular de Sada (registro de entrada 202099900000981 do 20.05.2020, corrixida 202099900001004 do 21.05.2020).
- Unión Sindical Obreira (registro de entrada 202099900001162 do 08.06.2020).

Segundo.-Aprobar definitivamente a modificación de crédito 06/2020 aprobada inicialmente en sesión celebrada polo Pleno da Corporación o pasado 15 de maio.

Terceiro.-Notificar o presente acordo aos interesados que presentaron reclamacións anexando o informe que motiva o mesmo.

Cuarto.-Publicar o contido da presente modificación, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.



5º.- CONCESIÓN DE SERVICIO DE ESCOLA INFANTIL DE SADA FLORA RAMOS, FLORITA.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 4/2020, do 18 de xuño, que recolle:

<<**Primeiro.**- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto, con varios criterios de adjudicación, da “CONCESIÓN DE SERVICIO DE ESCOLA INFANTIL DE SADA “FLORA RAMOS, FLORITA”, cun orzamento base de licitación de 1.044.000,00 € (exento de IVE) e un valor estimado de 1.998.877,82 euros, por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificadas no mesmo tanto a elección do procedemento de adjudicación como os demais extremos que establece o artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público.-

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán a dita contratación.-

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á partida 3231.22713 do vixente Presuposto municipal, asumindo o compromiso e obriga de consignar nos sucesivos exercicios orzamentarios ata a conclusión do contrato, os créditos nas contías suficientes para facer fronte ás obrigas contractuais.-

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación mediante publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello, para a presentación de solicitudes de participación durante o prazo establecido no prego de 15 días.-

Quinto.- De cara á axilidade do expediente delegar no Alcalde a posibilidade de corrixir erros, sempre que estean xustificadas tecnicamente ou se trate de erros de transcripción, que se podan por de manifesto no expediente unha vez publicado, debendo dar conta ao pleno das modificacións na seguinte sesión ordinaria que se celebra>>.

A secretaria durante a lectura advirte que hai un erro ao principio do parágrafo do punto primeiro, consistente en que non se trata dun procedemento aberto senón dun procedemento restrinxido.

Defende a proposta a sra. Reimúndez, concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade, quen solicita o apoio de todos os grupos. A sra. Nogareda (AV) avanza que o seu grupo apoiará a proposta. A sra. Pardo (PSOE) logo dun breve apuntamento anuncia tamén que o voto do seu grupo ha ser favorable. A sra. Salorio (PP) expón unha serie de observacións e anuncia igualmente o voto favorable do seu grupo. O Presidente da unhas explicacións a maiores e agradece o apoio unánime.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento restrinxido, con varios criterios de adjudicación, da “CONCESIÓN DE SERVICIO DE ESCOLA INFANTIL DE SADA “FLORA RAMOS, FLORITA”, cun orzamento base de licitación de 1.044.000,00 € (exento de IVE) e un valor estimado de 1.998.877,82 euros, por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificadas no mesmo tanto a elección do procedemento de adjudicación como os demais extremos que establece o artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán a dita contratación.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á partida 3231.22713 do vixente Presuposto municipal, asumindo o compromiso e obriga de consignar nos sucesivos exercicios orzamentarios ata a conclusión do contrato, os créditos nas contías suficientes para facer fronte ás obrigas contractuais.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación mediante publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello, para a presentación de solicitudes de participación durante o prazo establecido no prego de 15 días.



Quinto.- De cara á axilidade do expediente delegar no Alcalde a posibilidade de corrixir erros, sempre que estean xustificadas tecnicamente ou se trate de erros de transcripción, que se poidan pór de manifesto no expediente unha vez publicado, debendo dar conta ao Pleno das modificacións na seguinte sesión ordinaria que se celebra.

6º.- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 4/2020, do 18 de xuño, que recolle:

<<**Primeiro.-** Aprobar o Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Sada para as anualidades 2020-2022.

Segundo.- Publicar o mesmo no BOP da Coruña, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Sada>>.

A sra. Pardo (PSOE) fai unha exposición crítica, mais di que votarán a favor do plan. A sra. García (PP) fai tamén unha exposición moi crítica, anunciando a abstención do seu grupo.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 PP.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Sada para as anualidades 2020-2022.

Segundo.- Publicar o mesmo no BOP da Coruña, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Sada.

7º.- RESOLUCIÓN RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 05/20.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 4/2020, do 18 de xuño, que recolle:

<<**Primeiro.-** Inadmitir, con base nas motivacións contidas no informe da intervención municipal JPB104/2020, as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial da modificación de crédito 05/2020 acordada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o pasado 15 de maio de 2020:

- Grupo Municipal Partido Popular de Sada (registro de entrada 202099900000982 do 20.05.2020)
- Unión Sindical Obreira (registro de entrada 202099900001161 do 08.06.2020)

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación de crédito 05/2020 aprobada inicialmente en sesión celebrada polo Pleno da Corporación o pasado 15 de maio.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados que presentaron reclamacións anexando o informe que motiva o mesmo.

Cuarto.- Publicar o contido da presente modificación, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello>>.

A sra. Reimúndez (BNG) intervéñ para explicar o voto favorable do seu grupo. Intervén tamén a sra. Pardo (PSOE), que logo das súas explicacións anuncia que o seu grupo ha votar a favor. A sra. Salorio (PP) tamén fai uso da palabra, xustificando a posición do seu grupo, que di que se vai abster; a sra. Taibo (SM), entra en debate coa sra. Salorio, describindo cada unha delas as posicións dos seus respectivos grupos.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.



- Abstencións: 5 PP.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.-Inadmitir, con base nas motivacións contidas no informe da intervención municipal JPB104/2020, as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial da modificación de crédito 05/2020 acordada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o pasado 15 de maio de 2020:

- Grupo Municipal Partido Popular de Sada (registro de entrada 202099900000982 do 20.05.2020).
- Unión Sindical Obreira (registro de entrada 202099900001161 do 08.06.2020).

Segundo.-Aprobar definitivamente a modificación de crédito 05/2020 aprobada inicialmente en sesión celebrada polo Pleno da Corporación o pasado 15 de maio.

Terceiro.-Notificar o presente acordo aos interesados que presentaron reclamacións anexando o informe que motiva o mesmo.

Cuarto.-Publicar o contido da presente modificación, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

8º.- CONVOCATORIA AXUDAS A AUTÓNOMOS E PEMES CORONAVIRUS.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 4/2020, do 18 de xuño, que recolle:

<<**Primeiro.**- Aprobar as bases que rexerán a convocatoria extraordinaria da subvención Sada Activa.

Segundo.- Publicar as bases e a convocatoria no BOP da Coruña, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Sada>>.

A sra. Rodríguez, concelleira delegada de Promoción Económica, Turismo e Emprego, defende a proposta solicitando o apoio dos grupos. A sra. Nogareda (AV) explica a posición do seu grupo. A sra. Pardo (PSOE) tamén intervéñ anunciando o apoio do seu grupo á proposta. A sra. Salorio (PP) expón as razóns da posición do seu grupo, facendo referencia a diversos contidos de informes do expediente, anunciando que o seu grupo vai votar en contra porque di que non poden apoiar algo que consideran que é unha ilegalidade salvo que quede o asunto sobre a mesa. O Presidente desenvolve unha explicación para xustificar o que entenden para os efectos os grupos do goberno municipal.

Logo do debate, procédese a votar en primeiro lugar se se deixa o asunto sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 PP.
- Votos en contra: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando rexeitada a proposta por maioría absoluta.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: 5 PP.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar as bases que rexerán a convocatoria extraordinaria da subvención Sada Activa.

Segundo.- Publicar as bases e a convocatoria no BOP da Coruña, no portal de transparencia e na páxina web do



Concello de Sada.

9º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 21 de febreiro (núm. 327) ata o 22 de maio do 2020 (núm. 1.114).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 23 de maio (núm. 1.115, do expediente 2020/G003/001149) ata o 18 de xuño do 2020 (núm. 1.264, do expediente 2020/G003/001308), que foron postas de manifesto á secretaria da Corporación.

O sr. Tellado aproveita para abrir un pequeno debate sobre a recepción dos decretos pola vía telemática, que lles gustaría recibilos todas as semanas.

B.- Mocións.

1.- Moción con motivo do día 28 de xuño, día nacional do orgullo LGTBI.

A sra. Pardo xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal Socialista o 22/06/2020 (núm. Rexistro 202099900001352), na situación tan difícil que se está a vivir de pandemia na que se producen fobias e para que se aprobe antes do día 28 de xuño, día nacional do orgullo LGTBI.

Vótase a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: 5 PP.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por maioría absoluta.

Seguidamente a sra. Pardo procede a dar lectura á dita moción, que a continuación reproducécese integramente:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), CON MOTIVO DO DÍA 28 DE XUÑO, DÍA NACIONAL DO ORGULLO LGTBI, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE SADA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 6 de xullo do 2018 o Consello de Ministros acordou aprobar e declarar Día Nacional do Orgullo LGTBI o 28 de xuño, coincidindo co Día Internacional do Orgullo LGTBI. Este feito histórico na sociedade e política española reflectía a sensibilidade do Goberno respecto da dignidade e da memoria de todas as persoas.

Así mesmo, o goberno estableceu a corresponsabilidade coas Comunidades Autónomas para traballar nun Plan Estratégico de convivencia escolar, no cal impulsar a igualdade de trato nas institucións educativas entre persoas con distintas orientacións sexuais.

Fai 15 anos, un Goberno Socialista converteu en dereitos e igualdade real unha das grandes reivindicacións do activismo LGTBI: o matrimonio entre persoas do mesmo sexo. Esta lei fixo posible que o noso país devolvese a dignidade debida ás persoas LGTBI. Ademais, este ano conmemóranse 13 anos dende a aprobación da Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas (tamén chamada Lei Trans).

A día de hoxe seguimos traballando, e exemplo diso é que nos últimos meses da anterior lexislatura o goberno do PSOE incorporou á carteira de servizos básico do Servizo Nacional de Saúde o dereito fundamental de igualdade de trato ás mulleres lesbianas en materia de reprodución asistida, asegurando así que a inscrición dos fillos e fillas destas parellas se producise sen discriminación algunha.

Este ano o Orgullo Estatal esta dirixido á loita pola igualdade das mulleres LBT co slogan "2020, Mulleres LTB: Sororidade e Feminismo". E é que dentro do colectivo LGTBI as mulleres son as grandes invisibilizadas nalgúns casos, ata esquecidas.

No informe A Cara ocultada violencia cara ao colectivo LGTBI, indícase que o 72% das vítimas rexistradas de violencia por orientación sexual contra colectivo foron homes gays fronte a un 21 % de mulleres lesbianas, e un 2% de persoas bisexuais. E é que, de acordo con



Violeta Assiego "os homes gays están máis recoñecidos e séntense lexitimados a denunciar". Así mesmo, as mulleres transexuais tamén son presas da discriminación e a desigualdade, atendendo especialmente á dificultade por incorporarse ao mercado laboral.

Non debemos permitir que se borre da Memoria Histórica do activismo LGTBI a todas as mulleres Lesbianas, Transexuais e Bisexuais que durante tanto tempo loitaron man a man cos seus compañeiros para conseguir unha sociedade na que todas as persoas LGTBI tivesen dereitos e igualdade real.

Por todo iso, dende o Grupo Municipal Socialista de Sada propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes ACORDOS:

- *Instar á Xunta de Galicia a implantar o Plan de convivencia escolar para a igualdade de trato para as persoas LGTBI.*
- *Instar ao Goberno de España a solicitar ao Rexistro Civil que se suprima o requisito discriminatorio cara ás parellas de mulleres, que deben estar casadas para inscribir aos nados.*
- *Instar ao Goberno de España á aprobación da Lei LGTBI que recolla as reivindicacións históricas de todo o colectivo, da Lei Integral de Igualdade de Trato e Non Discriminación, a Lei Trans (tal e como o recolleo acordo de goberno entre UP e o PSOE), así como a aprobación dunha normativa específica contra Delitos de Odio.*
- *Instar, dende o Concello de Sada, ás distintas institucións públicas e privadas a romper cos estereotipos que acompañan ás mulleres bisexuais, lesbianas e transexuais.*
- *Instar á Xunta de Galicia a impulsar programas formativos e de especialización laboral dirixido ás mulleres transexuais para evitar a precariedade laboral.*
- *Instar á Xunta de Galicia á creación de protocolos específicos nos servizos de xinecoloxía e obstetricia para a atención das mulleres lesbianas, bisexuais e transexuais así como a implantación de campañas de prevención en materia de saúde sexual para mulleres que manteñen relacións sexuais con outras mulleres >>.*

A continuación débátese a moción proposta, coas intervencións da sra. Nogareda (AV), a sra. Reimúndez (BNG), a sra. Salorio (PP) e o sr. Fariña (SM). Durante o debate, a sra. Salorio propón unha modificación do texto, que se acepta introducir para a votación, consistente en cambiar alí onde pon "Instar á Xunta de Galicia" por "Instar ao Goberno Autonómico que resulte das eleccións do próximo 12J".

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

Sendo as 21:50 horas o sr. Tellado comunica e explica á Presidencia a razón pola que se ve obrigado a abandonar a sesión, motivos laborais, escusándose para os efectos e abandonando a sesión.

O PSOE acepta a emenda proposta.

Logo de terse debatido o asunto, procédese á votación do texto coa emenda introducida, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 4 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes o seguinte **ACORDO**:

- Instar ao Goberno Autonómico que resulte das eleccións do próximo 12J a implantar o Plan de convivencia escolar para a igualdade de trato para as persoas LGTBI.
- Instar ao Goberno de España a solicitar ao Rexistro Civil que se suprima o requisito discriminatorio cara ás parellas de mulleres, que deben estar casadas para inscribir aos nados.
- Instar ao Goberno de España á aprobación da Lei LGTBI que recolla as reivindicacións históricas de todo o colectivo, da Lei Integral de Igualdade de Trato e Non Discriminación, a Lei Trans (tal e como o recolle o acordo de goberno entre UP e o PSOE), así como a aprobación dunha normativa específica contra Delitos de Odio.
- Instar, dende o Concello de Sada, ás distintas institucións públicas e privadas a romper cos estereotipos que acompañan ás mulleres bisexuais, lesbianas e transexuais.



- Instar ao Goberno Autonómico que resulte das eleccións do próximo 12J a impulsar programas formativos e de especialización laboral dirixido ás mulleres transexuais para evitar a precariedade laboral.
- Instar ao Goberno Autonómico que resulte das eleccións do próximo 12J á creación de protocolos específicos nos servizos de xinecoloxía e obstetricia para a atención das mulleres lesbianas, bisexuais e transexuais así como a implantación de campañas de prevención en materia de saúde sexual para mulleres que manteñen relacións sexuais con outras mulleres.

2.- Moción para a creación dun Plan para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe .

A sra. Pardo xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal Socialista o 22/06/2020 (núm. Rexistro 202099900001358), en que se a situación de confinamento pola COVID-19 puxo de manifesto unha grande fenda dixital na nosa sociedade que afectou a moitos cativos que non puideron continuar co ritmo da aprendizaxe dos centros escolares, polo que entende que é urxente corrixir esta situación.

Logo de someterse a votación a urxencia da moción resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A sra. Pardo procede a dar lectura á dita moción, que a continuación reproducése integramente:

<<O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación no Pleno Municipal a seguinte moción en relación coa creación dun Plan para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O confinamento por COVID19 e a pechadura de escolas puxo a proba a capacidade de resposta do noso sistema educativo. Trátase dunha situación excepcional e mundial que afecta a máis de 1.370 millóns de alumnos segundo a Unesco. En España, a pechadura de escolas e o confinamento de millóns de alumnos e alumnas nos seus fogares esixen unha resposta compartida entre o Estado e as Comunidades Autónomas para manter en funcionamento o servizo público educativo en igualdade de oportunidades para todo o noso alumnado.

O sistema educativo ten o deber e a necesidade de garantir a igualdade de oportunidades de todo o alumnado, así como a equidade e a calidade educativa e facer así efectiva a posibilidade de que cada alumno ou alumna desenvolva o máximo das súas potencialidades.

A fenda dixital pode ser definida en termos da desigualdade de posibilidades que existen para acceder á información, ao coñecemento e a educación mediante o uso das TIC, sendo en consecuencia estas persoas marxinas das posibilidades de comunicación, formación, impulso económico, etc., que a rede permite (Cabero, 2004).

A fenda dixital de acceso entre a infancia e adolescencia vulnerable é unha realidade, o 14% dos fogares con menores non teñen ordenador ou portátil, esa cifra elévase ata alcanzar o 30% en fogares de familias pobres. O 5,3% de fogares con menores non contan con internet, elevándose ao 13,6% nos fogares con menos recursos (Fonte: ECV-2018). A fenda dixital, convértese en fenda social, limitando a aprendizaxe do noso alumnado e xerando que a tecnoloxía sexa un elemento de exclusión e non de inclusión social.

Doutra banda, ademais da fenda dixital de acceso, está tamén a fenda de aprendizaxe, a cal provoca perda cognitiva e atraso que se acumula: a evidencia experta mostra que os períodos prolongados de "desconexión escolar", como poden ser as vacacións de verán, xeran unha perda de coñecementos e aprendizaxes que agrava a fenda cognitiva entre alumnado favorecido e alumnado socialmente desfavorecido (Berliner, 2009; Alexander et a o., 2007).

Pero esa fenda dixital de aprendizaxe no fogar é debida en moitos casos ás desigualdades culturais existentes de apoios e recursos familiares. De nada serve que consigamos que toda a poboación estea conectada si non a capacitamos para a utilización e interacción coas TICs pois estas son xa ferramentas básicas de intercambio de información e de formación no século actual.

A alfabetización dixital convértese así en elemento imprescindible para reducir a fenda dixital, social e de aprendizaxe como un "sostido repertorio de competencias que impregnan o lugar de traballo, a comunidade e a vida social, entre as que se inclúen as habilidades necesarias para manexar a información e a capacidade de avaliar a relevancia e a fiabilidade dos que se busca en internet" (MECD e a OCDE, 2003, 80).

Doutra banda, a fenda dixital e de aprendizaxe acrecéntase para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, de forma que á segregación que sofren as persoas polas súas condicións persoais, incorpórase a discriminación introducida pola tecnoloxía, xa que logo estamos na obriga de darlles unha resposta o máis personalizada posible, respondendo ás súas necesidades e dotándolles de todos os medios necesarios para que poidan aprender en igualdade de condicións que o resto do alumnado, garantindo así a equidade e a calidade do sistema educativo español.

Así mesmo, a situación que estamos afrontando esixe pensar e prever para o futuro, deseñar protocolos para que nun hipotético futuro o noso sistema estea preparado para abordar unha pandemia ou calquera outra circunstancia que esixa a pechadura física dos centros educativos.



Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeGPSOE presenta a seguinte: Moción:

O Concello de Sada insta á Xunta de Galicia a:

A) Aprobar un Plan para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe, no marco das súas competencias autonómicas, que axude a superar as desigualdades existentes garantindo a equidade e calidade do noso sistema educativo, asegurando a continuidade educativa a distancia do noso alumnado para que siga aprendendo nas mellores condicións posibles. Concretamente, devandito Plan deberá incluír:

1. O impulso dun grupo de traballo que analice a situación actual en relación coa fenda dixital e de aprendizaxe que existe nos centros educativos da Comunidade autónoma.

2. O deseño e posta en marcha, atendendo ao seu respectivo nivel competencial, de programas de radio e/ou dunha TV educativa con canles en aberto que ofrezan unha formación adecuada ás distintas etapas educativas para zonas sen Internet ou sen televisión por cable, dando cobertura así ao alumnado sen ordenador nin conexión.

3. Propostas de acordos coas empresas de telecomunicacións, así como educativas e a UNED para eliminar ou reducir ao máximo o custo de acceso aos recursos educativos online que potencien a utilización de plataformas, a escola virtual a distancia, como vías para que o alumnado poida avanzar ao seu propio ritmo de aprendizaxe.

4. Traballar en colaboración co Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para que o Programa de Extensión da Banda Ancha de Nova Xeración (PEGA-NGA) que prevé axudas para as zonas onde non hai cobertura se implemente canto antes propiciando que o 100% da poboación en España teña acceso a internet.

5. Coordinar actuacións para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe co obxectivo de:

a) Adoptar as medidas necesarias para que o alumnado que o necesite acceda a axudas específicas que lle permitan obter un dispositivo persoal con conexión á rede que poida utilizar no seu fogar para o seu proceso de aprendizaxe.

b) Poñer en marcha un plan especial de formación para os docentes en capacitación TIC sobre metodoloxías de ensinos activos a través de ferramentas de aprendizaxe a distancia.

c) Poñer en marcha accións de formación dirixidas ás familias e outros axentes da comunidade educativa co obxectivo de formarlles en competencia dixital e ser máis eficaces no uso das TIC, e así servir de apoio na aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

d) Contribuír a activar redes de voluntariado educativo: non presencial, vía telemática ou telefónica. Consistiría en prestar axuda e asesorar ás familias co fin de axudar para afrontar retos didácticos específicos: idiomas, matemáticas, ciencias, hábitos, etc.

e) Capacitar dixitalmente e potenciar a acción de todos os servizos educativos de apoio (orientación, educación especial, psicopedagogos, logopedas, outros técnicos, servizos sociais ...) en contacto e a disposición do centro/zona escolar e de todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

f) Elaborar un protocolo de actuacións educativas ante calquera posible suspensión da actividade presencial e por motivos de excepcionalidade, alarma ou urxencia>>.

A continuación débátese a moción proposta, coas intervencións da sra. Nogareda (AV); a sra. Reimúndez (BNG); o sr. García (PP), quen propón unha emenda consistente en que onde pon “insta á Xunta de Galicia” poñer “insta ao Ministerio de Educación e Formación Profesional”, no apartado “A)” onde pon “competencias autonómicas” eliminar “autonómicas” e no apartado “1)” onde pon “da Comunidade Autónoma” cambialo por “do país”; e a sra. Mouriño (SM). Replica a sra. Pardo, ofrecendo á sra. Nogareda que engada como emenda que a Xunta estude a posibilidade de combinar o método presencial co método telemático para respectar así as medidas hixiénicas e incrementar o número de docentes para poder levar a cabo esta cuestión, ao que accede a sra. Nogareda. Volve intervir o sr. García, quen solicita que se vote a súa emenda.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

Logo de terse debatido o asunto vótase a emenda proposta polo grupo municipal do Partido Popular, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 4 PP.

- Votos en contra: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).

- Abstencións: Non se produciron.

Resultando rexeitada por maioría absoluta dos membros presentes.

A continuación, procédese á votación do texto da moción do grupo municipal Socialista coa emenda introducida polo grupo municipal de Alternativa dos Veciños, obténdose o seguinte resultado:



- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 4 PP.

Resultando aprobado por maioría absoluta dos membros presentes o seguinte **ACORDO**:

O Concello de Sada insta á Xunta de Galicia a:

A) Aprobar un Plan para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe, no marco das súas competencias autonómicas, que axude a superar as desigualdades existentes garantindo a equidade e calidade do noso sistema educativo, asegurando a continuidade educativa a distancia do noso alumnado para que siga aprendendo nas mellores condicións posibles. Concretamente, devandito Plan deberá incluír:

1. O impulso dun grupo de traballo que analice a situación actual en relación coa fenda dixital e de aprendizaxe que existe nos centros educativos da Comunidade autónoma.
2. O deseño e posta en marcha, atendendo ao seu respectivo nivel competencial, de programas de radio e/ou dunha TV educativa con canles en aberto que ofrezan unha formación adecuada ás distintas etapas educativas para zonas sen Internet ou sen televisión por cable, dando cobertura así ao alumnado sen ordenador nin conexión.
3. Propostas de acordos coas empresas de telecomunicacións, así como educativas e a UNED para eliminar ou reducir ao máximo o custo de acceso aos recursos educativos online que potencien a utilización de plataformas, a escola virtual a distancia, como vías para que o alumnado poida avanzar ao seu propio ritmo de aprendizaxe.
4. Traballar en colaboración co Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para que o Programa de Extensión da Banda Ancha de Nova Xeración (PEGA-NGA) que prevé axudas para as zonas onde non hai cobertura se implemente canto antes propiciando que o 100% da poboación en España teña acceso a internet.
5. Coordinar actuacións para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe co obxectivo de:
 - a) Adoptar as medidas necesarias para que o alumnado que o necesite acceda a axudas específicas que lle permitan obter un dispositivo persoal con conexión á rede que poida utilizar no seu fogar para o seu proceso de aprendizaxe.
 - b) Poñer en marcha un plan especial de formación para os docentes en capacitación TIC sobre metodoloxías de ensinós activos a través de ferramentas de aprendizaxe a distancia.
 - c) Poñer en marcha accións de formación dirixidas ás familias e outros axentes da comunidade educativa co obxectivo de formarlles en competencia dixital e ser máis eficaces no uso das TIC, e así servir de apoio na aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
 - d) Contribuír a activar redes de voluntariado educativo: non presencial, vía telemática ou telefónica. Consistiría en prestar axuda e asesorar ás familias co fin de axudar para afrontar retos didácticos específicos: idiomas, matemáticas, ciencias, hábitos, etc.
 - e) Capacitar dixitalmente e potenciar a acción de todos os servizos educativos de apoio (orientación, educación especial, psicopedagogos, logopedas, outros técnicos, servizos sociais ...) en contacto e a disposición do centro/zona escolar e de todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
 - f) Elaborar un protocolo de actuacións educativas ante calquera posible suspensión da actividade presencial e por motivos de excepcionalidade, alarma ou urxencia.

B) Que estude a posibilidade de combinar o método presencial co método telemático para respectar así as medidas hixiénicas e incrementar o número de docentes para poder levar a cabo esta cuestión.



C.- Rogos e preguntas.

O Presidente di que hai un rogo presentado por escrito polo grupo municipal Socialista o 23/06/2020 (RE 202099900001361), dándolle a palabra ao dito grupo.

O sr. Blanco Montero (PSOE) le o rogo, que a continuación reproducécese integramente:

<<ROGO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA_Pleno 28 de xuño de 2020

A nosa sociedade xa non será a mesma logo da pandemia da COVID-19. O noso xeito de ver e entender a dinámica do día a día mudou radicalmente. Os políticos tamén temos que cambiar o xeito de facer as cousas, adaptando de xeito dinámico as nosas decisións e os nosos proxectos ás necesidades cambiantes dos nosos conciudadáns.

Un dos colectivos máis afectados pola crise económica xerada en torno ao estado de alarma e ás medidas de confinamento decretadas ten sido o gremio da hostalería, cunha ampla presenza no noso municipio. Todos os nosos esforzos terán que ir encaminados a favorecer a súa recuperación aproveitando os meses de verán nos que os veciños e visitantes fan un maior uso das terrazas dos locais de hostalería. Xa existen para o efecto iniciativas en marcha consensuadas entre goberno e oposición. Que por certo están tardando, xa que se o que se pretende é dotar de novas zonas de terraza e ampliar as existentes, haberá de ser agora e non en setembro. Máis recollimos diversas queixas sobre a improcedencia de realizar obras e reformas nas áreas públicas do municipio durante estes meses, que van limitar e moito a afluencia de clientes a locais desas zonas.

No seu momento plantexamos dúbidas sobre o inoportuno de acometer a remodelación do paseo marítimo e os xardíns in extremis, apurando os prazos e sen saber aínda se poderemos desfrutar das zonas verdes este verán sen perxudicar o céspede recentemente prantado. Non contentos con isto, nas Brañas pretenden iniciar a remodelación do parque infantil en Xullo, coas consecuencias que isto traerá aos locais da zona que teñen nos pais dos usuarios dese parque os seus principais clientes. Parque que estivo pechado por mor da pandemia os 3 últimos meses, igual que os locais afectados. Parece ilóxico dende todo punto de vista seguir adiante con este proxecto agroa, xusto cando a hostalaría comeza a recuperarse da crise. Sabemos que o goberno ten a total oposición por parte dos hostaleiros desa zona e non entendemos por qué este empecinamento en seguir adiante en lugar de posponer as obras uns meses. Por mor disto:

ROGO a este goberno, e en especial á Concellería de Obras e Servizos, que se pospoñan as obras para despois do verán, estas e todas as obras a realizar no municipio que non sexan urxentes e impostergables, para o fin de causar o menor perxuízo económico ao noso comercio e as menores molestias aos nosos conciudadáns que desexan desfrutar en paz duns merecidos meses de espallamento tras todas as limitacións padecidas en meses anteriores. Rogo se abra unha rolda de intervencións para coñecer a opinión dos grupos do Pleno Municipal>>.

Ábrese unha rolda de intervencións na que toman parte a sra. Nogareda (AV); a sra. Reimúndez (BNG); a sra. Salorio (PP); o sr. Fariña (SM); e o propio sr. Blanco Montero (PSOE).

Continúa o sr. Blanco Montero, quen presenta tres preguntas:

1) Pregunta polas causas do atraso e do momento de posta en marcha do acordado coa oposición no que atinxe á ampliación das zonas para a ocupación polas terrazas da hostalería.

O Presidente ofrece unha explicación para os efectos.

2) Pregunta sobre o remate das obras no Paseo Marítimo, como xa fixera no Pleno ordinario anterior, e se hai unha estimación de para cando se vai poder facer uso del, pisar a herba.

Fai as aclaracións en canto á execución da obra o sr. Fariña, concelleiro delegado de Obras e Servizos, e o Presidente remata concretando que pode ser un mes e medio sen pisar tranquilamente.

3) Pregunta, porque di que seguen sen ter contestación, cando e como han ter acceso ao proxecto das piscinas. Descúlpase o Presidente e da as explicacións.

O sr. García (PP), logo dun comentario sobre cuestións anteriores expón as seguintes preguntas:

1) Pregunta se está xa contratado o proxecto dos ovoides e de ser o caso que non que procedemento se pensa levar a cabo.

Contesta o Presidente.

2) Pregunta se xa están terminados os planos actualizados dos sumidoiros da rúa da Lagoa e da avenida de Venezuela que solicitaran anteriormente.

Contesta o sr. Fariña, concelleiro delegado de Obras e Servizos.

3) Pregunta sobre a obra do pozo do bombeo en Lamela-Lácere se non se sabía que non había electricidade.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000006

4) Pregunta, con respecto tamén da obra da pregunta anterior, como se autorizou a conexión aos veciños sen electricidade.

Contesta o Presidente ás preguntas sobre desta obra.

A sra. García (PP), formula tres rogos:

1) Roga que se preste atención ao mantemento dos elementos de axardinamento para que non resulten perigosos por dificultar a visión.

2) Roga que non se confunda á cidadanía con diversos comentarios negativos sobre o seu grupo.

3) Roga con respecto da forma de xestionar con diversos exemplos que o alcalde se centre.

O Presidente dá as súas explicacións para os efectos.

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 43 minutos do día xoves 25 de xuño do 2020, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.